



## XUÍZO Á DESIGUALDADE



Manos Unidas/Marta Goyeneche

É a desigualdade responsable de todos os males que afectan o planeta e a quen o habito?

Quere dicir isto que “temos” que erradicar todas as desigualdades?

Se é así, o que debemos facer é traballar para que todos sexamos iguais; iguais en todo?  
en como somos, como vivimos, como pensamos...?

### ● Obxectivos:

1. Reflexionar sobre as consecuencias da desigualdade en diferentes manifestacións e como chega a socavar a dignidade das persoas.
2. Identificar accións que podemos incorporar na nosa vida para transformar algunha situación de desigualdade e as súas consecuencias.

### ● Desenvolvemento:

Despois de presentar a actividade, o grupo dividirse segundo os diferentes papeis.

(Mellor dous ou tres persoas por papel):

1. **Xuíz:** será o animador do grupo. O seu labor será a de moderar o desenvolvemento da actividade, escoitando a uns e a outros, recoller o veredicto do xurado e establecer “a pena” dos “delitos” dos que sexa declarada culpable a acusada (a desigualdade).

- 2. Fiscais:** son os responsables de comunicar os “cargos” imputados de maneira razoada e xustificada, elixir testemuñas e facerlles as preguntas adecuadas. Para iso deben estudar en profundidade as probas que van presentar.
- 3. Defensores de demandantes e demandados:** deberán facer ver ao xurado que o seu cliente non é culpable de todo. A desigualdade por si mesma non é mala: todos somos diferentes, temos opinións, gustos e afeccións diversas... Son algunhas persoas quen manipula esas discrepancias en beneficio propio e á conta dos demais.
- 4. Xurado:** Tomarán nota de todo o que se fale ao longo do xuízo. Á luz das probas presentadas e os testemuños das testemuñas interrogadas quen deberá –por unanimidade– fallar se a desigualdade é inocente ou culpable de cada un dos “delitos” presentados, e explicar que os levou a esa conclusión.
- ▶ Os fiscais e defensores poderán presentar **testemuñas**. Poderán ser outras persoas do grupo, ou persoas coñecidas ás que se lles reclame para achegar a súa experiencia de vida ou testemuño.
  - ▶ As **probas** presentadas por fiscais e defensores poderán ser cales queira (informes, noticias, estatísticas, vídeos...) sempre que a fonte estea recoñecida (xornais, organismos, asociacións, ONG, o Evanxeo, a Doutrina Social da Igrexa...). O xuízo terá a autoridade de admitir ou non a proba ou o testemuño/testemuña correspondente para evitar desviarse dos obxectivos.
  - ▶ Para axudar no desenvolvemento do xuízo, o grupo ha de elixir dous ou **tres consecuencias (delitos) da desigualdade**: desigualdade na educación, na sanidade, no traballo, no acceso aos alimentos, a unha vivenda digna, á auga, desigualdade social ou algún outro tipo de desigualdade que inquiete ao grupo.
  - ▶ Despois de aclarar dúbidas, fixarase un día para **iniciar o xuízo**, deixando tempo suficiente para que os diferentes intervenientes preparen as súas presentacións.
  - ▶ O **desenvolvemento** poderá ser presencial, por medios telemáticos ou mixto.
  - ▶ Para rematar, o grupo recollerá **un escrito de conclusións** do visto no xuízo. Cada membro do grupo debe reflexionar se sente interpelado por algunha das situacións de desigualdade que se viron e que violan a dignidade das persoas, e como quere traballar para transformar esa realidade.
  - ▶ É importante **elixir situacións da nosa contorna**: familia, amigos, colexio, parroquia, barrio, ... sen descartar outras iniciativas de máis alcance dentro dalgunha asociación ou ONG.

**É importante facer ver ao grupo que o motor das nosas accións é o Espírito de Xesús, e a gasolina, a forza da oración e os sacramentos**

**PARA AVANZAR NA ERRADICACIÓN DA DESIGUALDADE,  
É NECESARIO COMPROMETERSE NALGUNHA ACCIÓN CONCRETA**